

Boletín Febrero 2014

APE Galicia

Subvencións para a apertura de novos establecementos comerciais para o ano 2014

Contido:

Subvencións para a apertura de novas establecementos comerciais para o ano 2014	1
Axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e se procede á súa convocatoria para o ano 2014	2
Axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2014	2
Axudas a creación, ampliación ou modernización de empresas	3



APE Galicia

Plaza de España nº1, 1º
oficina 1
36002 Pontevedra

Teléfono: 986891657

Móvil: 663 881 047

E-mail: info@apegalicia.es

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ORDE do 27 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a apertura de novos establecementos comerciais e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (código de procedemento IN217A).

Obxecto e beneficiarios : Poderán ser beneficiarios das subvencións: a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia e, así mesmo, o seu domicilio social e fiscal radique na dita comunidade autónoma. b) Que, tendo a condición de peme conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE nº 124, do 20 de maio, p. 36), empreguen menos de dez (10) traballadores e non teñan a consideración de grande establecemento comercial segundo a normativa aplicable. c) Estar dado de alta nalgunha das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo II. A data de alta no imposto de actividades económicas ten que estar comprendida entre o 1 de novembro de 2013 e o 30 de xuño de 2014, ambos incluídos, e considerarase para todos os efectos como data de inicio da actividade. d) Que figure inscrito no Rexistro Galego de Comercio ou ter solicitada a inscrición con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Prazo: O prazo para a presentación de solicitudes remata o día 30 de xuño de 2014.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140204/AnuncioCA04-280114-0001_gl.html

**A x u d a s e x t r a o r d i n a r i a s a
e m i g r a n t e s g a l e g o s r e t o r n a d o s e s e
p r o c e d e á s ú a c o n v o c a t o r i a p a r a o
a n o 2 0 1 4**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 12 de febreiro de 2014, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

Solicitantes e beneficiarios: Poderán ser beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas: a) As persoas galegas e nadas en Galicia que residindo fóra de España retornen á Comunidade Autónoma galega. b) Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as das persoas relacionadas na letra a) con residencia no estranxeiro que residindo fóra de España se establezan na Comunidade Autónoma de Galicia. Para os efectos do establecido neste punto, terá a condición de parella de feito a que figure inscrita como tal no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia regulado polo Decreto 248/2007, do 20 de decembro. Os/as anteditos/as beneficiarios/as deberán acreditar estar en posesión da nacionalidade española antes do retorno e ter a súa residencia actual en Galicia.

Prazo: O prazo de presentación das solicitudes será desde a data de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia ata o 30 de setembro de 2014.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140219/AnuncioG0244-110214-0004_gl.html

**A x u d a s a o d e s e n v o l v e m e n t o r u r a l
p a r a a u t i l i z a c i ó n s u s t e n t a b l e d a s
t e r r a s a g r í c o l a s n o a n o 2 0 1 4**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

ORDE do 18 de febreiro de 2014 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2014.

Beneficiarios: Terán dereito a percibir o pagamento único os/as agricultores/as que posúan, en propiedade ou en réxime de arrendamento, dereitos de pagamento único conforme o establecido no artigo 3 do Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro.

Prazo: O prazo para a presentación da solicitude unificada de axudas PAC/DR 2014 empezará o día 17 de febreiro e finalizará o día 15 de maio de 2014, inclusive, segundo o indicado no artigo único da Orde AAA/69/2014 pola que se modifica para o ano 2014 o prazo de presentación da solicitude única do artigo 87.2 do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir do ano 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140224/AnuncioG0165-190214-0001_gl.html

A x u d a s a c r e a c i ó n , a m p l i a c i ó n o u m o d e r n i z a c i ó n d e e m p r e s a s

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

RESOLUCIÓN do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, aprobadas polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008.

Polo tanto, unha vez aprobado o novo escenario financeiro para as anualidades 2013-2015, cada GDR procederá en función dos créditos dispoñibles á apertura dunha NOVA CONVOCA-TORIA para NOVOS PROXECTOS.

Prazo: O prazo de admisión de solicitudes en ningún caso excederá o **31 DE MARZO DE 2015**.

Enlace: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131227/AnuncioO90-231213-0001_gl.html



APE GALICIA

Asociación Autónomos e Pequenas Empresas de
Galicia

Praza España N°1 Andar 1º Esq. Oficina 1ª
36002 Pontevedra

E-mail: info@apegalicia.es

